

A consolidación da escrita de Cristina Pavón

Ana Bande **Texto**

Dende que tiven o privilexio de ler o manuscrito da súa primeira e grandísima novela, *Limiar de Conciencia*, e malia a mala conciencia (neste caso a miña) de non ser quen de defender a capa e espada aquel texto para que fora o xusto gañador do Premio Xerais daquel ano, sintome en débeda con Cristina. Pero o meu desacougo durou o pouco tempo que pasou dende que a autora comezou a ser premiada. Ao Premio “Modesto Rodríguez Figueiredo” pola súa obra *Cara a Tiananmen Square*, engádese agora o recente Premio Carvalho Calero de Narración por este conxunto de relatos de título tan fermosamente evocador.

Eu de Cristina destacarí a súa degoiro polo coñecemento. A súa curiosidade por atopar a cerna das cuestións fundamentais. As que atinxen ás dúbidas máis transcendentais, que son tamén as que nos plantexamos na máis tenra infancia e que, a pesar de todo o que levamos lido e reflexionado, non damos resolto con toda a madurez que se supón que unha acada coa idade adulta. Cecais o máis precioso que atopo na súa escrita é precisamente a imposibilidade de acadar certezas nunha idade adulta que inxustificadamente privilexiamos fronte a aquela inocencia involuntaria coa que albiscabamos o mundo na infancia.

Por iso a recuperación daquel paradiso perdido é a angueira á que se sacrifica a poesía, esa arqueoloxía sentimental, na que procuramos reter non un tempo pasado que polo simple feito de selo tivese que ser mellor, senón as primeiras impresións que o



Á busca da orixe perdida das especies
Cristina Pavón
Laiovento, 2015

**De Cristina
destacarí a súa
curiosidade por atopar
a cerna das dúbidas
máis transcendentais,
que son tamén as que
nos plantexamos na
máis tenra infancia e
que, a pesar de todo o
que levamos lido e
reflexionado, non
damos resolto con toda
a madurez que se
supón que unha acada
coa idade adulta.**

mundo exterior estampara na nosa conciencia. Aquel ruído, caloríña, insatisfacción ou incertidume sen adobar por negociación ningunha con

unha mesma, porque non tiñamos todavía a sensación de ter que defendérmolos de un mundo exterior nocivo e malvado que logo aprendemos que está aí para conspirar contra nós.

O deveso de Cristina por reencontrarse con aquel eu inocente e puro materialízase en textos profundos e sinceros que debuxan paisaxes das que tamén nós formamos parte. Recoñecerémonos nos intres recuperados por Cristina, fomos a súa irmá afouta, fomos a súa compañeira de cuarto curso da EXB, tamén fomos a meniña que sentou no valado, afastada dos compañeiros de colexio, porque quería facerse preguntas ela soíña. E somos tamén eses adultos despistados que procuramos respostas en máquinas do tempo de feiras e tamén en pílulas que prometen un pouco de calma neste caos de incertidume. Confiamos na ciencia e nos achados de xentes que pasaron a vida resolvendo unha fórmula matemática, pero prestamos tamén toda a atención ás estratexias coas que resoven a vida o común dos mortais, porque a sabedoría pode que sexa unha especie de equilibrio entre o desexo e a necesidade de insatisfacción.

A Cristina preocúpalle a memoria, diríase que mesmo a obsesiona o perigo a perder esa especie de *aleph* que temos ao noso dispor para turrar de solucións xa probadas. É o medo a perder seguridade, esa que non precisabamos na infancia, cando a improvisación era a felicidade. Cecais non tiñamos que porfiar tantísimo en dominar o tempo, deterse fronte ao cabalo e abrazalo coma fixo aquel tolo marabilloso ¿non si?